



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN

Aprobado polo Consello de Goberno do
30 de outubro de 2017



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio).

A regulación do réxime de funcionamento e organización do Departamento de Didácticas Específicas, Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades; na Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 101/2004 da Xunta de Galicia, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, así como pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa en que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Departamentos

Os departamentos son as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar as ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento nun ou varios centros de acordo coa programación docente da Universidade, de apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

Artigo 2. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e a organización do departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación ao departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación da Universidade da Coruña, constituído polas áreas de coñecemento de Didáctica da Expresión Corporal, Didáctica da Expresión Musical, Didáctica da Expresión Plástica, Didáctica da Lingua e a Literatura, Didáctica das Ciencias Sociais e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, segundo o que dispón o Plan director de racionalización de estruturas académicas da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno o 26/10/2016. Consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros del.

Artigo 4. Réxime xurídico

1. O departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación rexerese pola Lei orgánica de universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente regulamento aplicaranse a Lei 39/2015,



do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como o Regulamento marco de departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23/11/2016.

3. Contra as resolucións e os acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do departamento, poderase formular un recurso de alzada no prazo dun mes perante o reitor, tratándose de resolución do director, e perante o Consello de Goberno, tratándose de acordos do Consello de Departamento, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

TÍTULO PRIMEIRO. CONSTITUCIÓN E ADSCRICIÓN

Artigo 5. Constitución

1. Os departamentos constituiranse por áreas ou por ámbitos de coñecemento e agruparán o persoal docente e investigador (PDI) correspondente a aquelas.
2. A creación, modificación e supresión dos departamentos correspóndelle ao Consello de Goberno.

Artigo 6. Adscrición

1. O departamento estará adscrito á Facultade de Ciencias da Educación de acordo co Plan director de racionalización de estruturas académicas da UDC aprobado polo Consello de Goberno no día 26/10/2016.
2. A adscrición inicial do PDI aos departamentos farase de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos departamentos afectados.
3. O departamento ten asignada unha Unidade de Apoio a Departamentos e Grupos de Investigación (UADI).

TÍTULO SEGUNDO: ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO CAPÍTULO

1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 7. Composición

1. O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento, estará integrado polas seguintes persoas:
 - a. O director ou directora, que o presidirá e o convocará e o secretario ou secretaria.
 - b. Todas as persoas doutoras vinculadas por relación funcional, laboral ou bolsa á Universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a e a tempo completo integrados no departamento.
 - c. Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no departamento, que suporá o 5 %.
 - d. Unha representación do estudiantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.
 - e. Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.



2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de Departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento electoral da Universidade.

Artigo 8. Competencias do Consello de Departamento

É competencia do Consello de Departamento:

- a. Elixir o director ou directora e, de ser o caso, revogalo/a.
- b. Programar as actividades docentes e investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- c. Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- d. Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- e. Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- f. Propoñer nomeamentos de doutores honoris causa.
- g. Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- h. Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.
- i. Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- j. Elixir os membros da Comisión Permanente nunha sesión plenaria do Consello do Departamento, que ratificará, se procede, as propostas presentadas por cada unha das seccións departamentais.
- k. Aprobar a proposta de exención total ou parcial das obrigacións docentes dalgún profesor/a do Departamento.
- l. Proporlle á Xunta de Facultade os representantes do Departamento nas diferentes comisións.
- m. Administrar os espazos dedicados a despachos do profesorado, logo de escoitar as seccións departamentais.
- n. Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.

Artigo 9. Das comisións de estudo e asesoramento

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composición.

CAPÍTULO 2. DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO

Artigo 10. Elección

1. A dirección do departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o departamento.
2. Poderá ser candidato á dirección do departamento o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo/a reitor/a.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do director ou directora do departamento por falta de candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento, o/a reitor/a encargarlle provisionalmente as funcións de dirección a un ou unha dos profesores e profesoras do departamento, de preferencia o/a de maior categoría e, dentro



dela, maior antigüidade.

4. A duración do mandato será de catro anos. O/a director/a poderá presentar a súa candidatura a unha única reelección.
5. Os/as directores/as de departamento cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. A revogación do director ou directora do departamento poderá ser proposta, con candidato alternativo, por unha terceira parte dos membros do Consello e acordada polo voto favorable da maioría absoluta do Consello, de acordo cos trámites seguintes:
 - a) A presentación dun escrito dirixido ao Consello de Departamento en que se expresen as razóns en que se apoie a proposta de revogación.
 - b) A convocatoria polo director ou directora dunha sesión extraordinaria do Consello, no prazo máximo de dez días, que inclúa como punto único a proposta de revogación.
 - c) A realización da sesión, en cuxa deliberación terá a palabra en primeiro lugar a persoa que represente os membros do Consello que subscribiran o escrito de revogación, e seguidamente o director ou directora, procederase por último á votación da proposta.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.

Artigo 11. Funcións

Correspóndelle ao/á director/a de departamento:

1. Exercer a representación do departamento.
2. Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.
3. Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
4. Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
5. Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos estatutos.
6. Executar as previsións orzamentarias.
7. Proporlle ao reitor o nomeamento dunha persoa, de entre o profesorado e axudantes do departamento, como secretario/a do departamento.
8. Formar parte da Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado, no caso de que a praza se adscriba ao seu departamento.
9. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio.

CAPÍTULO 3. DA SECRETARÍA DO DEPARTAMENTO

Artigo 12. Nomeamento

1. O/a secretario/a do departamento será nomeado polo reitor, por proposta do/a director/a do departamento de entre o profesorado e axudantes do departamento con dedicación a tempo completo.
2. O/a secretario/a do departamento cesará por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do/a director/a do departamento.
3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído/a polo membro do consello que decida o/a director/a, e que debe ser



profesor/a a tempo completo.

Artigo 13. Funcións

1. O/a secretario/a redactará as actas das sesións, custodiará a documentación e expedirá certificacións.
2. Exercerá, así mesmo, calquera outra función que lle delegue o/a director/a de departamento ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO 4. DA COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 14. Composición

1. O Consello de Departamento poderá crear unha comisión permanente en que delegará o exercicio das súas competencias, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Na comisión permanente deberán estar representados todos os sectores da comunidade universitaria que forman parte do Consello de Departamento e estará composta por:
 - a. O/a director/a do departamento
 - b. O/a secretario/a do departamento, que tamén o será da Comisión Permanente.
 - c. Un representante do profesorado a tempo completo, que forme parte do Consello de Departamento de cada unha das seccións. Este representante, que poderá ser ou non o/a coordinador/a, será elixido pola sección e ratificado polo Consello de Departamento.
 - d. Un representante do profesorado a tempo parcial, PDI en formación e lectores/as (sector B), que forme parte do Consello de Departamento, que será elixido entre eles.
 - e. Un representante dos estudantes que formen parte do Consello de Departamento.
 - f. Un representante do persoal de administración e servizos que forme parte do Consello de Departamento.
3. A elección do/a representante de cada sección levarase a cabo nunha sesión plenaria da sección departamental, en votación nominal e secreta entre as candidaturas presentadas en cada unha das seccións departamentais. En caso de que a sección departamental o considere oportuno, nomearase unha mesa de idade que estará constituída polo profesor/a con maior idade e o profesor/a con menor idade.
4. O/a representante será ratificado/a polo Consello de Departamento
5. Os/as representantes deberanse renovar cada dous anos ou cando soliciten a súa baixa de maneira voluntaria.

Artigo 15. Funcións

1. Correspóndenlle á Comisión Permanente por delegación do Consello de Departamento, as seguintes funcións:
 - a. Revisar e propoñerlle ao Consello de Departamento o POD, por proposta das seccións departamentais, en que constarán polo menos:
 1. As materias que lle foron encomendadas.
 2. As horas teóricas e prácticas de cada unha delas.
 3. A lista do profesorado coas súas responsabilidades docentes claramente



especificadas.

4. Os programas de cada materia, en que este será único para cada materia, e deberá conter, como mínimo, todos os elementos que fixe o Consello de Goberno e que tomarán como base o explicitado na memoria de verificación dos títulos.
 - b. Informar o Consello sobre cuestións relativas á elaboración de plans e programas docentes.
 - c. Informar o Consello de Departamento sobre a posibilidade de renovación dos contratos de profesorado por proposta das seccións departamentais.
 - d. Transmitirlle ao Consello de Departamento as necesidades do profesorado e provisión de vacantes previstas polas seccións departamentais.
 - e. Informar o Consello de Departamento, por petición dalgunha universidade, sobre a concesión de comisión de servizos ao profesorado.
 - f. Informar o Consello sobre o control e avaliación da actividade docente.
 - g. Por delegación do Consello de Departamento, tramitar as queixas e reclamacións presentadas.
 - h. Propoñer e informar sobre a contratación de profesorado visitante ao Consello de Departamento.
 - i. Canalizar ao Consello de Departamento as propostas de nomeamento de profesores eméritos, honorarios, e doutores honoris causa.
 - j. Resolver cuestións de trámite co fin de axilizar o funcionamento do Consello de Departamento.
 - k. Calquera outra competencia atribuída a esta comisión e non asignada ao Consello de Departamento.
2. Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser comunicados ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que realice.
3. No caso de que nunha área non se constituía a sección departamental, a Comisión Permanente asumirá as súas funcións descritas no capítulo 5 deste regulamento.
4. O/a director/a do Departamento manterá informado puntualmente o Departamento das decisións adoptadas pola Comisión Permanente.
5. A convocatoria e as sesións rexeranse pola mesma normativa que afecta ao Consello de Departamento.

CAPÍTULO 5. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

Artigo 16. Creación

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do departamento afectado, o Consello de Departamento poderá crear seccións departamentais cando así o aconsellaren razóns xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao departamento.

Artigo 17. Organización

1. Cada sección deberá contar cun número mínimo de tres membros do PDI. Porén, só terán dereito á redución prevista no parágrafo seguinte os coordinadores ou coordinadoras daquelas seccións departamentais que agrupen, como mínimo, dez PDI permanentes a tempo completo, incluíndo quen teña compromiso de permanencia de acordo co Regulamento marco de departamentos da UDC.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de



Departamento nomeará unha persoa responsable que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia, segundo o previsto no parágrafo anterior.

3. Formará parte da sección todo o PDI, calquera que sexa a súa categoría, que se encontre en activo.
4. A elección do coordinador/a da sección levarase a cabo nunha sesión plenaria da sección, en votación nominal e secreta entre as candidaturas presentadas en cada unha das seccións departamentais. En caso de que a sección departamental o considere oportuno, nomearase unha mesa de idade que estará constituída polo profesor/a con maior idade e o profesor/a con menor idade.
5. Os/as coordinadores/as deberán renovarse cada catro anos, cando soliciten a súa baixa de maneira voluntaria, ou como consecuencia dunha petición da maioría do profesorado da sección.
6. O/a coordinador/a será ratificado polo Consello de Departamento.
7. No caso de que non se crease unha sección departamental entre as/os profesoras/es dunha área, as funcións da sección serán xestionadas pola Comisión Permanente e ratificadas polo Consello de Departamento.
8. A persoa que coordine unha sección redactará un informe das sesións cos acordos tomados.

Artigo 18. Competencias

Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:

- a) Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b) Propor ao Consello o Plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.
- c) Facer a proposta do seu representante á Comisión Permanente.
- d) Propor todas as actividades académicas e culturais que estime para a súa aprobación polo Consello de Departamento.

TÍTULO TERCEIRO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 19. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a secretario/a do departamento ou a través da UADI.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 20.6.

Artigo 20. Convocatorias e sesións

1. O Consello de Departamento constituirase de forma presencial.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento requirirase en primeira convocatoria a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de



ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

3. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a do departamento, por orde do/a director/a ou de quen legalmente o substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, a hora e o lugar de realización da sesión, así como a orde do día explícita e a documentación que corresponda. Serán remitidas aos membros do Consello de Departamento a través de medios electrónicos cunha antelación mínima de dous días hábiles antes de que teña lugar a sesión.
4. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e sempre que o/a director/a o convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.
5. A orde do día da sesión será fixada polo/a director/a tendo en conta, se for o caso, que se deberán incluír os puntos que previamente solicitase por escrito unha cuarta parte dos membros do Consello de Departamento ou unha sección departamental. En tal caso, ese punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitase antes de ser enviada a convocatoria.
6. Cando a natureza dos asuntos que se vaian tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse convocar ás sesións do Consello as persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto. Os/as coordinadores/as de sección poderanlle facer propostas neste sentido ao director ou directora.
7. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria se pode facer con só un día hábil de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

Artigo 21. Votacións e adopción de acordos

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
2. As votacións poderanse realizar por asentimento por proposta do/a director/a do departamento, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. O/a director/a do departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade.
3. A votación secreta realizarase mediante papeletas que os membros do Consello, logo de se identificar, lle entregarán ao/a secretario/a, e terá lugar necesariamente nos seguintes casos:
 - a) en todos os asuntos referidos a persoas concretas, salvo cando se trate de informes relativos a concursos para provisión de prazas de profesores contratados, ou para a autorización de contratos de investigación por membros do Departamento, en cuxos casos a votación será secreta unicamente de acordo coas letras b) e c) deste apartado.
 - b) cando así o decida a Dirección.
 - c) por solicitude de calquera membro presente.
4. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non susciten oposición de ningún membro deste e non



requirise outra forma de votación ningún membro.

5. O Consello adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa legal ou regulamentariamente maioría absoluta ou cualificada.
6. En caso de empate nos resultados dunha votación decidirá o/a director/a co seu voto de calidade.
7. Iniciada unha votación, esta non se poderá interromper.
8. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo de dous días hábiles que conta desde o remate da sesión.

Artigo 22. Actas

1. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado (sempre que se dispoña dos recursos axeitados para o facer). O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario ou secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello, garantíndose o cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, (LOPD).
2. De cada sesión que teña lugar do Consello de Departamento redactará a acta o/a secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e a forma en que estes se adoptaron.
3. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello de Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.
4. As actas estarán accesibles no repositorio institucional asignado pola UDC ao Departamento.
5. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días hábiles que se incorporará ao texto aprobado.
6. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.
7. A acta de cada sesión aprobarase na mesma ou na seguinte sesión ordinaria do Consello. Con tal fin, a persoa que ocupe a secretaría elaborará a acta co visto e prace do presidente ou presidenta e remitiráa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou os reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación.
8. O/a secretario/a poderá emitir unha certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.



TÍTULO CUARTO. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 23. Iniciativa de reforma do regulamento

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentárase mediante un escrito motivado dirixido ao/á director/a.

Artigo 24. Tramitación de reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 25. Aprobación da proposta de modificación do regulamento

Para a modificación do regulamento requírirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Quedan derogados os anteriores regulamentos de réxime interno dos departamentos de Didácticas Específicas e de Métodos de Investigación en Educación.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.